

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

19 de maio de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día dezanove de maio de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bueno, imos a comezar. Bo día a todas e a todos. Antes de comezar este Pleno extraordinario de 19 de maio de 2023, quero felicitar ao Secretario do Pleno, que hoxe está de cumpreanos, desexándolle unha boa vida porque en definitiva o único que importa na vida é ser feliz, e o Secretario é un home feliz. Así que parabéns polo cumpreanos e por esas sonrisas que nos regala cada día. A verdade é que estamos moi agradecidas polo traballo. E nada, espero que o celebres ao grande.



Sr. Secretario.- Hombre, claro que si.

Sra. Presidenta.- Pois ben, feita a felicitación pública pasamos á orde do día.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.7996.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutiva temos en primeiro lugar a, primeiro está, perdón, acórdase por unanimidade aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 28 de abril de 2023. Bueno, realmente a acta entendo que a aprobamos por unanimidade, porque eso de que xa a lea antes de preguntar, pois moi ben, a damos polo tanto acordada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 28 de abril de 2023.

a) Parte resolutiva:

2.7997.- **APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2023035460-2017040163)**

Sra. Presidenta.- E agora si, no punto 2, na parte resolutiva. Aprobación da segunda prórroga do servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación. Non hai intervención. Polo tanto someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 29 de xuño de 2018 acordou a adxudicación do contrato para a prestación do Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE



EMPRESA	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)
UTE NAROM SL- AUDECA, S.L.U.	4.403.972,12 €

LOTE 2- ZONA CENTRO

EMPRESA	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)
UTE CIVIS GLOBAL, S.L.-ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	3.563.633,19 €

LOTE 3- ZONA SUR

EMPRESA	IMPORTE TOTAL (IVE INCLUÍDO)
MISTURAS OBRAS Y PROYECTOS, S.A.	3.557.476,23 €

Resultando.- Que os contratos formalizáronse nas seguintes datas: Lote 1, o 06/08/2018, Lotes 2 e 3 na data 08/08/2018, establecendo un prazo de duración de catro (4) anos.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/05/2022 acordou aprobar a primeira prórroga do contrato de “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” ata o 06/08/2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe emitido polo director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área (CSV: MCP5N7I2YKNS3MIQ), no que se recolle o seguinte: “...dentro do proceso de reestruturación do Servizo de conservación de estradas, preténdese transformar o contrato de conservación ordinaria e o de vialidade invernal nun único contrato de conservación integral, labor que se está a facer na actualidade tendo impulsado unha nova prestación a través do contrato de “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. Sendo este un proceso complexo, no que se require dun proceso administrativo de contratación longo, máis tendo en conta o tempo preciso para a posta en marcha dos adxudicatarios, e estando próxima a data de finalización dos contratos aludidos, parece oportuno prorrogar os actuais contratos de servizo 2017040163 (...) ata o 06/08/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” poida iniciar a súa execución.”



Resultando.- Que no citado informe recóllese que o gasto anual estímase en 2.881.270,39 € IVE incluído, distribuídos da seguinte maneira:

ANO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
2023	542.696,56 €	517.980,84 €	503.086,74 €
2024	558.296,47 €	372.927,46 €	386.282,31 €
TOTAL	1.100.993,03 €	890.908,30 €	889.369,06 €

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV: 7YSB5CZHWUGU9E11), realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, (CSV: DTAMDC5TJZHASRI4) que recolle o seguinte: *“infórmase favorablemente a proposta, debendo conceder unha prórroga dun ano dende o 06/08/2023 ata o 06/08/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” poida iniciar a súa execución...”*.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

LOTE	IMPORTE	APLICACIÓN	N OPERACIÓN
LOTE 1	542.696,56 €	23/456.4530.210.00	202300089868
LOTE 2	517.980,84 €	23/456.4530.210.00	202300089874
LOTE 3	503.086,74 €	23/456.4530.210.00	202300089880

As cantidades relativas ó ano 2024 quedan condicionadas á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito nas partidas correspondentes.

Considerando.- Que a cláusula 1.4 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexeu nesta contratación establece que o prazo de duración do contrato, será de catro (4) anos, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato. O contrato poderá ser prorrogado por mutuo acordo das partes antes da súa finalización por un prazo máximo de dous anos.



Considerando.- Que segundo se recolle no informe do director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: MCP5N7I2YKNS3MIQ) o nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte do contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que lle corresponde ó Pleno actuar como órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1. Aprobar a segunda prórroga do contrato “Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra” dende o 06/08/2023 ata o 06/08/2024, ou se sucedese antes, ata que o novo contrato “SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” poida iniciar a súa execución.
2. Autorizar o gasto por importe de 2.881.270,39 €. Este contrato financiarase da seguinte maneira:

ANO	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
2023	542.696,56 €	517.980,84 €	503.086,74 €
2024	558.296,47 €	372.927,46 €	386.282,31 €
TOTAL	1.100.993,03 €	890.908,30 €	889.369,06 €



As cantidades correspondentes ó ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.210.00.

As cantidades correspondentes ó ano 2024 quedarán condicionadas á aprobación do orzamento do ano 2024 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente.

3.7998.- **APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN E INTERCONEXIÓN ACCESIBLE A TRAVÉS DO SUBSOLO DOS EDIFICIOS CENTRAIS DO MUSEO DE PONTEVEDRA (EXPTES. 2023035463-2022068830)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Aprobación do proxecto de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra. Ten a palabra o Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Ola. Moi bo día a todas e a todos. Grazas Sra. Presidenta. Ben, con este trámite damos fin a todo unha, unha situación, que bueno, que non era de recibo en Pontevedra, pero que a complicidade, levamos dez anos, dez anos buscando unha solución para estes edificios., ¿non?. E bueno, agora está con todas as bendicións, creo que non vale a pena, non vale a pena describilo, creo que debería ir a gusto de todos, no sentido de que se van a recuperar os edificios centrais, os edificios orixinais, os edificios primixenios do Museo, é unha obra extremadamente complicada, nestes momentos chegamos a onde chegamos, ó final, ó final digo que o proxecto está aprobado, que Patrimonio en principio o acepta, e incluso, que nunca entendín por que, os que non querían un gran soto pois tampouco vai haber un gran soto, vai haber unha conexión, afortunadamente gracias a que o Museo se pode ampliar cara Sta. Clara, pois non é necesario ese espazo, ¿non? Ben, eu podoo dicir que das obras das que teño coñecemento directo, porque tiven a responsabilidade de xestionar, pois é a máis complexa, pero con distancia, a verdade é que houbo que apuntar un tesón, teño que agradecer a todos os, bueno, todo o staff do Museo, Arquitectos, etc., o esforzo que fixeron a teimosía, a insistencia en sacalo adiante porque realmente era complicadísimo, é complicadísimo os dous edificios por separado é imposible que funcionen, e polo tanto xuntar, ¿non?, e unilos era complicadísimo por cotas e demais, ¿non?. Entonces, vamos a ter aí esas sedes



pois co mesmo aspecto que teñen na actualidade, ¿non?, coa imaxe, quitando, vamos, os panos, paramentos laterais que se vai a recuperar o, vaise a recuperar o branco a suxerencia de Patrimonio, igual que se fixo na Peregrina no seu momento, se fixo no Principal e con esto, en fin, pois agardemos que a final de ano poida estar as obras en funcionamento. Agora aprobamos o proxecto, despois sácase á licitación, e mentres tanto xa pois aprobarase definitivamente a modificación do Peprica que está para o luns no Concello de Pontevedra e non hai xa ningún obstáculo. Eu quería facer unha última consideración, que é, por si alguén tiña dúbidas de si esta Deputación ten criterios obxectivos e funciona, pois colaborando e axudando, impulsando os proxectos según a súa valía, según a súa necesidade, pois creo que con esto queda absolutamente despexado. ¿Que quere dicir con esto? Que houbo e aínda hai voces que din que si a Deputación está gobernada desde Vigo, que solo mira para Vigo ou o que sexa, creo que é unha demostración clarísima de que de eso non hai nada senón que se fan en cada lugar pois o que se vexa que é necesario, que é bo e neste caso, pois estamos un Museo que é o máis importante de Galiza con distancia, entre os 5 máis importantes do Estado, en canto a fondos e en canto a superficie e demais, pois era unha necesidade que, xa digo, a pena é que non puidera facerse antes pero non houbo máis que atrancos e complicacións, pois hoxe chegamos aquí. Eu creo que é un gran día para o Museo, poñemos as bases para que o centenario do Museo, ¿non?, que é no ano 27, pois poida celebrarse con todas as, vamos, con este impulso que vai a supoñer rehabilitar estes edificios e tamén co impulso que vai supoñer rehabilitar Santa Clara, aínda que, bueno, pois estamos, o mércores que vén remata o prazo para presentar os anteprojectos, as equipas redactoras e, bueno, agardamos que en nada, 20 días ou 25, teñamos xa seleccionado e poñerse co proxecto e tirar para diante. Creo que é un gran avance e, polo tanto, pois nada máis que felicitarnos por logralo en todo caso queda a pena de que non se lograra antes pero, xa digo, a complexidade era enorme.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sra. Pepa Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Muchas gracias Presidenta. Bueno, lo primero sumarnos a la felicitación al Secretario de esta Diputación por el día de su cumpleaños; y también queríamos tener un recuerdo porque hoy es el día mundial de las enfermedades inflamatorias intestinales, entonces un recuerdo para todas estas personas que sufren esas enfermedades. Bueno, entrando ya de lleno en el tema que nos ocupa que es la aprobación del proyecto de consolidación, restauración e interconexión de los edificios centrales del Museo de Pontevedra nos sorprende



muchísimo que hayan tenido que transcurrir 9 años, desde el cierre de los edificios del Museo Central, esto se cierra en el 2014, 2 mandatos para que se haya procedido al arreglo de las mismas, y que, curiosamente, sea en plena campaña electoral, con un mandato más que agotado, a 7 días de las elecciones municipales, cuando deciden ustedes traer a este Pleno la aprobación de este proyecto. Yo quisiera saber ¿cuál es la urgencia?, porque, sinceramente, considero que dejan ustedes comprometida a la próxima corporación, sea del color que sea, pero que desde luego va a haber personas que no están aquí, con un megaproyecto de los edificios centrales del Museo de Pontevedra. Debería de ser la nueva corporación quién pudiera pronunciarse y estudiar el proyecto que ustedes traen aquí hoy a su aprobación. Un proyecto del que por lo que he podido leer del expediente voluminoso del que nos han dado traslado, dice usted, Sr. Mosquera, que cuenta con todo el visto bueno de Patrimonio, que ha sido aceptado en sus términos, pues yo en todo, a lo largo de todo el expediente, de este proyecto de consolidación y reforma, no he visto el informe favorable de Patrimonio; y pongo muy en duda que podamos aprobar un proyecto que no tiene todavía el visto bueno definitivo de los sectores o de los servicios que deben de así darlo para poder dar viabilidad al mismo, dudo mucho que se pueda licitar un proyecto que posteriormente a lo mejor va a tener que ser modificado, en parte, grande, pequeña o bien en todo. Yo lo desconozco porque ahí no está y, por lo tanto, no puedo votar y no podemos votar a favor de un proyecto que desconocemos si va ser modificado o no, y que deja en todo caso comprometida a la siguiente corporación; y que, desde luego, puede ser legar el traer semejante proyecto a este pleno a 7 días de las elecciones municipales, que yo no lo cuestiono, pero desde luego ético y moral muy poco, es un uso de las instituciones muy partidistas. A mí me gustaría saber ¿qué interés?, ¿qué urgencia exacta hay en esto?, ¿qué urgencia hay? Un proyecto en el que también quiero que usted me responda si se va a mantener o no la Cámara Numancia, si se va a mantener o no el Mendéz Núñez, porque, desde luego, en ese proyecto que yo he visto no está, no está. Lo que se figura y se refleja en los presupuestos es una demolición completa del mismo, porque lo he visto folio a folio y ahí no está, como tampoco están los informes a los que usted ha hecho referencia que están, o bien no los han puesto, se les ha olvidado ponerlos en la documentación o bien es que efectivamente no tienen el visto bueno del mismo. Pero es que además es un proyecto que cuando ustedes lo inician después de haber sido solicitado, porque este grupo, el grupo provincial del Partido Popular de Pontevedra, siempre ha solicitado, porque para nosotros es esencial la rehabilitación del corazón del Museo de Pontevedra. Este proyecto se presupuesta con



7.947.000.00 euros, casi 8 millones para una actuación integral en lo que eran los 3 edificios iniciales: el Casto San Pedro, el García Flórez y el Fernández López. Resulta que ahora tenemos el mismo presupuesto, pero hay un edificio que desaparece de la ecuación, entonces yo quiero saber a qué es debido esto, porque voy a pagar lo mismo cuando me desaparece una fase completa de esta actuación, es decir, de 3 edificios, actuación integral, pasamos a 2 edificios, de ganar como ustedes decían una cantidad de subsuelo pasamos a ganar 347 m² de sótano, entonces me gustaría que me explicasen todo esto y por eso nosotros vamos a votar en contra. Muchas gracias.

Sr. Mosquera Lorenzo.- ¡Hombre! Que ían a votar en contra xa o supoñía, cando van a facer alí unha foto arremetendo contra non sei que, pois supoño que agora están presos desa situación aínda que cambiou. A ver, varias cousas: Primeiro, non son 2 son 3 mandatos, ¿eh?, esto empezou a traballar Ana Isabel e o Sr. Louzán e o anterior director do Museo no asunto, iba a ser o suficientemente complicado como para que non cheguemos agora. Segundo, ¿cal é a urxencia?, ¡hombre!, creo que está publicitada, ¿verdá?, é que nos deron unha subvención de 3 millóns, a máxima, a cantidade máxima do PIREP e ten que estar, os prazos apuran, ten que estar xustificado antes do 2026, ou sea, que bueno, deixámolo 6 meses máis, deixamos e despois non chegaríamos. E danse as circunstancias para que veña, para que veña aquí. Non hai máis, non sei, ustedes queren ver, ou sea, bueno, encasquillaron aí co Museo, tamén estiveron en contra da compra de Santa Clara, aquí votaron a favor, pero no Concello estiveron en contra, ou sea, bueno, son unhas cousas difíciles, en todo caso, difíciles de entender, en todo caso teranas que explicar ustedes. Despois, o do presuposto, debe de ser a única persoa que non se enterou que os materias e demais subiron e a construción subeu dunha maneira bastante, bastante forte, bastante forte, bueno, pois non sei, igual é culpa nosa agora que subira toda a construción, debe ser, bueno, temos culpa de todo, hasta que hoxe faga bo tempo, chova ou o que sexa. Con respecto ó camarote, non está o proxecto de musealización, o camarote desde logo é irrecuperable tal como está, pódese facer unha replica pero está todo apolillado ¡todo!, a todo esto é unha réplica non é un orixinal, ¿eh?, ou sea, que facer outra tampouco sería maior problema cando se faga o proxecto de musealización deses edificios e de Santa Clara pois quen teña que tomar a decisión, ou sea, os técnicos e a dirección do Museo, pois tomarán a decisión que corresponda, ou sea, evidentemente quédese tranquila que eso non é sostible, porque está todo apolillado. De todas maneiras e para rematar, non sei, non sei que lideira teñen co Museo, ou sea, ó contrario en vez de dicir nós presionamos e agora resulta que se



fai menos superficie, por fin lograron e non sei que, bueno eso entenderíao, pero coller e dicir non, non e non, ¡vale!, pois non, non e non, ¡aleluia! Eu creo que se están engañando pero alá ustedes.

Sra. Presidenta.- Ten a palabra Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Si, muchas gracias Presidenta. Mire Sr. Mosquera, nosotros no estamos presos de absolutamente nada, nosotros somos coherentes y fieles a los principios y a los valores que hemos defendido siempre, siempre hemos defendido y reivindicado la rehabilitación de los edificios centrales del Museo de Pontevedra, esos mismos que ustedes abandonaron, y seguimos reivindicándola pero no a costa de cualquier cosa, no con cualquier proyecto y sin que tenga el visto bueno y los informes favorables que tiene que tener, porque entonces después tendremos que dar marcha atrás y será un auténtico despropósito, eso es lo que va a suceder. Me alegra que aclare usted que no pretende mantener la identidad esencial del Museo de Pontevedra. Se refería usted a mi compañera Ana Isabel y decía que esto había sido un trabajo continuo tanto del anterior Presidente de la Diputación, Rafael Louzán, como de Ana Isabel, pues mire, si, ¿sabe qué paso? Que hasta el 2014 se había trabajado para tener un proyecto en condiciones para la reforma y rehabilitación de los edificios centrales del Museo de Pontevedra, es más, en su propia memoria ustedes incorporan el estudio que se hizo en el año 2014 a cargo de la anterior corporación provincial, ¿vale? Ese estudio del 2014 ya decía que era necesario rehabilitar con carácter urgente, 2014 ¿eh?, los edificios centrales del Museo de Pontevedra y además hacía referencia a la necesidad de determinados apuntalamientos, y tenía además un proyecto incorporado realizado también por los servicios técnicos de esta casa. ¿Qué hicieron ustedes? Que dice que ha sido un trabajo continuo, guardar tanto ese estudio que advertía de las deficiencias estructurales que tenían los edificios centrales del Museo del año 2014, que obra incorporado a este expediente como el proyecto en un cajón, y no lo volvieron a sacar hasta que este grupo provincial en el año 2019 les pide a ustedes que por favor procedan a la rehabilitación de los edificios centrales del Museo, a ustedes no les importaban y han sido ustedes, con su falta de acción, los que han dejado que durante todos estos 9 años el Museo esté en las condiciones con sus 2 edificios centrales en las que se encuentra. ¡No hicieron nada! Y sabían que tenían que actuar, escondieron ese informe y ahora quieren aprobarlo corriendo y de prisa 7 días antes de las elecciones municipales, en una cuestión que de democracia parece tener bastante poco. Y votamos no porque entendemos que de cualquier manera y en cualquier forma no se puede



hacer y que corresponde a la siguiente corporación el comprometerse con este megaproyecto que usted quiere vender a Pontevedra. Muchas gracias.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, é que reconstruír a historia a medida e sin ningún base pois, bueno, pois é un exercicio como outro calquera. Mire, aquel proxecto Patrimonio dixo que de ningunha maneira iría adiante, que era o problema da entrada de accesibilidade que a facía por atrás e dixo que non se podía facer un novo volumen e a partir de aí empezouse a traballar, ¿vale?. Entonces, estamos, Patrimonio en estes momentos en sucesivas reunións si aceptou a solución, de feito pasamos meses negociando con Patrimonio, ¿entende?, e agora nos vén con retrasos. Mire, si que houbo retrasos e xa dixen pode ser que algún imputable e tal pero levamos máis dun ano porque a firma ou non firma da modificación do Peprica pois resulta que estaba ben colocada ou non e eso foi a Xunta por exemplo, bueno, eu non sei si esto ten máis de si, creo que é un gran día para Pontevedra e unha vez máis o PP en contra de Pontevedra, non vaia ser ¿non sei que mal lle fixo Pontevedra? pero sempre en contra de Pontevedra non se engañan nunca, sempre en contra de Pontevedra.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Eu non vou a estar calada ante un proxecto tan importante, e certamente eu nacín en Vigo pero eu teño, tiña unha avoa paterna nacida nin máis nin menos que en San Roque, polo tanto o meu cariño a esta cidade vénme tamén por ADN, ¿non?, i realmente eu creo que toda Pontevedra, toda a provincia de Pontevedra, toda Galicia sabe que nunca se xestionou tan ben o Museo de Pontevedra. Que nunca houbo tantos recursos para o Museo de Pontevedra, que nunca houbo tanta ambición por ampliar e mellorar o Museo de Pontevedra. Polo tanto, eu quero manifestar publicamente a miña satisfacción e orgullo pola xestión feita no Museo de Pontevedra e porque por fin pasamos de informes e palabrería, longamente alimentada, a estudar seriamente como se podían recuperar eses dous edificios históricos do Museo, con un fermosísimo proxecto, que ademais é innovador e novedoso e que vai a permitir que a xente poida disfrutar del, e claro, téñenme que perdoar que eu mostre a miña sorpresa de que alguén poida decir nun pleno dunha administración local, porque nós tamén o somos, que se aproba unha semana antes de eleccións, pois non será porque cada día hai unha páxina enteira de moitos alcaldes do Partido Popular que gobernan nesta provincia que aproban proxectos unha semana antes das eleccións, ou a Xunta de Galicia que leva unha retahíla, unha retahíla de aprobacions de proxectos moi vinculados a favorecer aos alcaldes, alcaldesas e candidatos do Partido Popular, a 7 días das eleccións,



non sabía eu que era un impedimento, que era un impedimento que houbera unhas seleccións para seguir gobernando ¡claro! O que non se pode e acusar a unha administración do que fan as administracións do PP a unha semana das eleccións, ¿verdá?, ou sea, que é realmente sorprendente, ¿verdá?, e vostedes teñen aquí sentados nesta corporación alcaldes que están anunciando cousas e aprobando unha semana antes, polo tanto, permítame que lle diga que non podo saír da miña sorpresa. Eu quero decirlles ás veciñas e ós veciños desta cidade de Pontevedra que esta administración non ten que afirmar que ten un compromiso co Museo de Pontevedra porque fala a xestión realizada, fala todo o que fixemos, a inxente cantidade de recursos, como tamén me sorprende que a alguén lle moleste que teñamos moitos recursos para poder facer a restauración de estes dous edificios centrais, de verdá que eu na miña vida vin nada igual, e claro na voz de quen é de Pontevedra e que é concelleira da oposición en Pontevedra, que debería de aplaudir e decir que alegría tan grande que a Deputación Provincial invista na cidade de Pontevedra a min de verdá que non deixan de sorprendeme algunhas cousas. Así que nós si que estamos felices de que se aprobe este proxecto de consolidación, restauración e interconexión e imos a votar non favorablemente soamente senón con paixón, con orgullo, e quería que quedara tamén claro na miña voz, na voz da Presidenta da Deputación de Pontevedra, porque falo no meu nome e no nome do Grupo Socialista tamén, estamos felices de aprobalo, así que agora unha vez dito esto someto a aprobación o proxecto de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 16 votos a favor do Grupo do BNG e do Grupo Socialista e con 11 votos en contra do Grupo Popular.

Resultando.- Que ao longo da súa dilatada historia, o Museo de Pontevedra foi incorporando diferentes edificios para atender as súas crecentes necesidades ata acadar os seis inmobles que lle proporcionan a súa configuración actual: Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Edificio Castelao. Deles, tanto os dous edificios primixenios como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento. Así, os edificios Castro Monteagudo e García Flórez perderon a súa aptitude para ter un uso expositivo pola súa obsolescencia e acusado deterioro, debido ao paso do tempo, e atópanse nestes intres pechados ao público por razóns de seguridade que recomentan unha urxente intervención.



Resultando.- Que para garantir as condicións de seguridade esixidas e a óptima operatividade dos edificios e, asemade, dar satisfacción á normativa sobre accesibilidade, resulta imprescindible a súa rehabilitación e conexión. A alternativa de facer esta conexión aérea presenta evidentes problemas. Dun lado, de accesibilidade, dada a diferenza de cota de rasante e de forxados existente entre os tres edificios; doutro, de modificación da icónica imaxe exterior dun conxunto tan característico e identificable de edificacións na contorna da Praza da Leña, como a que proxectan os edificios Castro Monteagudo e García Flórez, unidos actualmente mediante unha solución que non cumpre a normativa de accesibilidade nin a de seguridade. Por todo elo óptase no proxecto por unha solución de mellora e ampliación da conexión interior, xa existente, que condiciona a rehabilitación.

Resultando.- Que para conseguir estes obxectivos, é dicir, a consolidación, restauración, posta en valor e interconexión dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López, a Deputación e o Concello de Pontevedra asinaron o 13.05.2022 un convenio, que verbaliza os compromisos e as liñas de colaboración das partes asinantes encamiñadas a impulsar, establecer e contribuír, conxuntamente, á mellora e racionalización do equipamento museístico da cidade de Pontevedra, en virtude do cal, e de xeito resumido, o Concello de Pontevedra comprométese a ceder á Deputación de Pontevedra mediante convenio o uso dos treitos do subsolo das rúas lindeiras aos edificios, coa finalidade de que se poidan acometer as obras necesarias para a conexión a través do subsolo que doten de accesibilidade e permitan a consolidación e restauración dos tres edificios do Museo de Pontevedra, denominados Castro Monteagudo, García Flórez e Fernández López. As superficies dos treitos de subsolo a ceder, manterán a titularidade municipal, como bens de uso e dominio público.

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, a redacción do proxecto técnico para a execución das obras obxecto así como asumir o procedemento de adxudicación das obras, a dirección e a recepción.

Resultando.- Que a Deputación asumirá o financiamento da redacción e execución do proxecto así como a totalidade dos estudos previos e cautelas arqueolóxicas ou de outra índole que sexan preceptivas.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que



deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación, providencia do Vicepresidente da Deputación de Pontevedra, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto Javier Reboreda Fernández adscrito ó Museo de Pontevedra, o proxecto de execución da obra “Consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra” cun orzamento base de licitación de 7.937.947,03€ IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV: N7RWD3RZ4JMJMWBBS).

Resultando.- Que consta no expediente, informe de supervisión do proxecto emitido por Dona María Del Carmen Gómez Manzano, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra (CSV: XB0ALQVJAZGC4M5U).

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse informe de fiscalización do proxecto (CSV: MK5HOBUCUCQHIVW3W) no que se recolle o seguinte: “...Nas aplicacións orzamentarias 23/333.3330.62201, 23/333.3330.62201.2022, 23/333.3330.62201.2021, 23/333.3330.63203.2022 e 23/333.3330.63203.2021, dentro do proxecto de gasto código nº 2022068830, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíronse os documentos RC nº 202300008844, 202300005066, 202300007973, 202300006691 e 202300003551, por importe de 82.659,47 €, 1.244.872,58 €, 3.421.193,10 €, 1.860.183,47 € e 1.329.038,41 €, respectivamente (...). Tanto no proxecto como no informe de supervisión indícase que os inmobles obxecto da actuación atópanse no ámbito do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación Artística do Conxunto Histórico-Artístico de Pontevedra (PEPRICA), o cal se atopa nestes momentos en proceso de tramitación dunha modificación puntual, necesaria para materializar as intervencións previstas no presente proxecto.

CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente sen prexuízo do sinalado respecto das autorizacións sectoriais e no apartado de observacións e recomendacións...”.



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que lle corresponde ó Pleno actuar como órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo de Pontevedra” redactado polo arquitecto adscrito ó Museo de Pontevedra D. Javier Reboreda Fernández, 7.937.947,03 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV: N7RWD3RZ4JMJMWB5).

Os inmobles obxecto da actuación atópanse no ámbito do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación Artística do conxunto histórico-artístico de Pontevedra (PEPRICA), o cal se atopa nestes momentos en proceso de tramitación dunha modificación puntual, necesaria para materializar as intervencións previstas no presente proxecto.

4.7999.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2023 (EXPTES. 2023035464-2023032115)**



Sra. Presidenta.- E paso o punto 4 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito número 4/2023. Non hai solicitudes de intervencións polo cal o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/23), por importe de 403.646,76 euros, suplementos de créditos (SUP.04/23), por importe de 7.968.790,00 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 04/23), fináncianse na súa totalidade con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, cuxo detalle se indica posteriormente.
- Os suplementos de créditos (SUP. 04/23), fináncianse na súa totalidade con baixas por anulación das aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos.

Resultando que a Intervención emite informe de data 10 de maio de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e



tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/23) por importe de 403.646,76 euros, financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais; suplementos de créditos (SUP.04/23) por importe de 7.968.790,00 euros, financiados con baixas por anulacións. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 04/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2318-204.00	ARRENDAMENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE_C. P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	13.200,00 €
232-2318-221.41	VESTIARIO_C.P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	5.500,00 €
232-2318-223.00	TRANSPORTES_C.P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	15.000,00 €
232-2318-224.03	PRIMAS DE SEGUROS, OUTROS RESPONSABILIDADE CIVIL_C.P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	5.000,00 €
232-2318-226.09	GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS E XUVENÍS_C.P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	13.200,00 €
232-2318-226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS_C.P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	34.100,00 €
232-2318-227.03	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, ASISTENCIA MÉDICA EXTERNA_C. P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	1.000,00 €
232-2318-625.01	MOBILIARIO E ENSERES, ADQUISICIÓNS_C.P. FELIPE (Campamentos de verán para nenos e xoves Ucranianos)	3.000,00 €
942-9420-762.49	ACHEGAS AO CONCELLO DE RODEIRO, CONVENIOS E OUTROS_COOPERACIÓN [Proxecto Urbanización praza Oseira e envolvente]	313.646,76 €
	Total Créditos Extraordinarios...	403.646,76 €



Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 04/23:

O expediente de créditos extraordinarios, finánciase na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (Ext. 04/23)...	403.646,76 €
	Total Ingresos...	403.646,76 €

2. Suplemento de Crédito “SUP. 04/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4326-626.01	EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN_ TURISMO [Proxecto: 92310003_ TOURIST INSIDE II (PRTR_Ministerio de Industria, Comercio e Turismo)]	84.700,00 €
433-4326-640.03	INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL, (DIXITALIZACIÓN, BIG DATE, INTELIXENCIA ARTIFICIAL) _ TURISMO [Proxecto: 92310003_ TOURIST INSIDE II (PRTR_Ministerio de Industria, Comercio e Turismo)]	134.090,00 €
456-4530-612.01	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS: SEGURANZA VIARIA, SINALIZACIÓN _INFRAESTRUTURAS	2.750.000,00 €
456-4530-612.02	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _INFRAESTRUTURAS	5.000.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	7.968.790,00 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 04/23:

Os importes correspondentes aos suplementos finánciase na súa totalidade con baixas por anulación de aplicacións que manteñen créditos que se estiman reducibles sen perturbar os correspondentes servizos, co detalle seguinte:

Contabilizándose as seguintes operacións:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762.99/2022	A CONCELLOS, PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS _COOPERACIÓN	-218.790,00 €
456-4530-612.02/2022	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS/2022 _INFRAESTRUTURAS	-7.750.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-7.968.790,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	7.968.790,00 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	403.646,76 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-7.968.790,00 €
SUMA...	403.646,76 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
<i>INGRESOS NON FINANCEIROS...</i>	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	403.646,76 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<i>INGRESOS FINANCEIROS...</i>	403.646,76 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	403.646,76 €
ORZAMENTO DE GASTOS.	
Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	87.000,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	221.790,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	94.856,76 €
<i>GASTOS NON FINANCEIROS...</i>	403.646,76 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<i>GASTOS FINANCEIROS...</i>	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	403.646,76 €



Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/23), por importe de 403.646,76 euros e suplementos de créditos (SUP.04/23) por importe de 7.968.790,00 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

5.8000.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2023 DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO (EXPTE. 2023035465)**

Sra. Presidenta.- No punto 5. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/23 do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. Non hai intervencións someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2023, acordou aprobar inicialmente un expediente de modificación de créditos por importe global de 2.482.000,00 euros. Este expediente inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2023 por importe global de 2.103.000,00 euros, financiándose con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento correspondente ao exercicio económico 2022.



Resultando que a Secretaria-Interventora do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento con data 19 de abril de 2023 emite informe favorable do expediente de modificación de créditos por importe global de 2.482.000,00 euros que inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2023 por importe global de 2.103.000,00 euros.

Considerando o disposto no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como nas bases de execución do vixente orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, por importe global de dous millóns catrocentos oitenta e dous mil euros (2.482.000,00 €).

Este expediente inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2023 por importe global de 2.103.000,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023.

CAPÍTULO II

Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.221.04	30.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Vestuario parques
1360.221.99	20.000,00	Rte. líquido Tesourería	Material funxible de intervencións



		870.00	
1360.227.99	140.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Contrato de mantemento dos bens mobles, inmobles e vehículos
TOTAL	190.000,00 €		

CAPÍTULO VI

Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.623.00	189.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Investimento novo en maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe
TOTAL	189.000,00 €		

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2023

CAPÍTULO VI			
Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.624.00	1.600.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Investimento novo en vehículos
1360.625.00	6.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Mobiliario
1360.629.00	187.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Traxes de intervención e similares
1360.632.00	300.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Investimento en reposición de edificios
1360.634.00	10.000,00	Rte. líquido Tesourería 870.00	Mellora de dotación en vehículos de intervención.
TOTAL	2.103.000,00 €		

Este expediente de modificación de créditos número 1/2023, por global de dous millóns catrocentos oitenta e dous mil euros (2.482.000,00 €), que inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2023 por importe global de 2.103.000,00 euros, finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, obtido da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento correspondente ao exercicio económico 2022.



Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

De acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, durante o prazo de exposición pública, publicaranse na páxina web “www.depo.gal”, a través do enlace correspondente a documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica> as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento.

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

6.8001.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO EXERCICIO 2023 (EXPTES. 2023035467-2023034449)**

Sra. Presidenta.- No punto 6. Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo do exercicio 2023. Non hai petición de palabra, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 25/11/2022, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación



Provincial de Pontevedra para o exercicio 2023, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo.

Resultando que en data 05/05/2023 a xefatura do Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) propón a creación dun posto de traballo de colaboración de Secretaría-Intervención, clase 3ª, co fin de reforzar este Servizo e desenvolver, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Asistencia xurídica, en todas as súas vertentes, aos Concellos da provincia de Pontevedra que así o requiran, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.
- b) Ser comisionado para asistir nas Entidades Locais da provincia de Pontevedra que así o requiran, de xeito circunstancial e polo tempo imprescindible, en casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria do funcionaria/o con habilitación de carácter estatal.
- c) As propias da Secretaría-Intervención atribuídas polo ordenamento xurídico en concellos, mancomunidades de municipios e consorcios locais da provincia de Pontevedra eximidos do deber de manter postos propios reservados a funcionarias/os con habilitación de carácter nacional, así como noutros organismos dependentes ou vinculados á Administración Provincial.
- d) Calquera outra función relacionada coa asistencia aos municipios.

Resultando que a súa creación xustifícase nas seguintes consideracións:

- A Deputación Provincial de Pontevedra ten entre as súas competencias garantir con plenitude a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36 da LBRL, artigos 113 a 116 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) ou artigo 30 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- A Deputación de Pontevedra garante o desempeño das funcións públicas reservadas aos funcionarios con habilitación de carácter nacional nos concellos exentos destes postos, ou naqueles nos que circunstancialmente tales funcións non se poidan atender de acordo co previsto no artigo 9.2 do



Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto das/dos funcionarias/os con habilitación de carácter nacional, así como artigo 16 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

- A Deputación nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria de funcionaria/o con habilitación de carácter estatal, a pedimento da corporación interesada, poderá comisionar a unha/un funcionaria/o con habilitación de carácter nacional para a realización de labores especiais de carácter circunstancial polo tempo imprescindible_(artigo 47 do citado Decreto 49/2009, en relación co artigo 55 do RD 128/2018).

Resultando que as características deste posto son as que se detallan a continuación:

- Denominación do posto de traballo: Asistencia de Secretaría e Intervención.
- Servizo de adscrición: Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM).
- Escala: funcionarias/os de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- Subescala: Secretaría-Intervención.
- Clase: terceira (posibilidade contemplada no artigo 3.g), segundo parágrafo, do Decreto 49/2009, en relación por analogía co sinalado no artigo 15 do RD 128/2018).
- Grupo: A; subgrupo: A1.
- Complemento de destino: 29.
- Complemento específico anual: 33.859,23 euros.
- Forma de provisión: concurso ordinario de méritos.

Resultando que así mesmo, en data 05/05/2023 o Tesoureiro propón a creación dunha praza de administrativo de admón. xeral, grupo C1, con posto de traballo de igual denominación de nivel 20, adscrito á Tesourería, ante a insuficiente dotación de persoal para cubrir as necesidades do servizo, que derivan da introdución dun novo programa contable así como do volume e diversidade de trámites que teñen que realizar para o correcto desenvolvemento da operativa que se debe executar nesta área e a correcta integridade dos fondos dispostos. Dito posto asumirá funcións de atención ao cidadán, de tramitación electrónica



da relación de facturas aprobadas mediante Resolución Presidencial ou acordo da Xunta de Goberno, tramitación electrónica desde banca electrónica das relacións de transferencias, intercambio de ficheiros asinados pola propia entidade para a incorporación dos xustificantes bancarios ao expediente, formalización de pagos e ingresos, contabilización de ingresos e gastos e control e xestión das caixas fixas habilitadas, entre outras.

Resultando que se xustifica, ademais, nun predicible incremento da carga de traballo, a consecuencia do elevado número de subvencións europeas, o incremento na tramitación electrónica das facturas, o aumento de pagos de subvencións e obrigas, as peticións de xustificacións de pagamento dos distintos Servizos, o elevado número de comunicacións e solicitudes electrónicas aos Servizos e á cidadanía ou nun control máis exhaustivo dos arqueos bancarios.

Resultando que a creación das referidas prazas e postos de traballo cuantifícase a continuación:

En cómputo anual:

GR	PRAZA	POSTO	nivel	Centro xestor	Retribución ano	Cota patronal
A1	Funcionaria/o de habilitación nacional	Asistencia de Secretaría e Intervención	29	SAIM	68.210,61 €	17.871,18 €
C1	Administrativa/o de Admón. xeral	Administrativa/o	20	Tesourería	28.456,66 €	7.455,64 €
TOTAL					96.667,27 €	25.326,82 €

Por sete meses do ano 2023:

GR	PRAZA	POSTO	nivel	Centro xestor	Retribución (7 meses)	Cota patronal
A1	Funcionaria/o de habilitación nacional	Asistencia de Secretaría e Intervención	29	SAIM	39.785,09 €	10.423,69 €
C1	Administrativa/o de Admón. xeral	Administrativa/o	20	Tesourería	17.865,39 €	4.680,73 €
TOTAL					57.650,48 €	15.104,42 €



Resultando que como se trata dunha modificación do cadro de persoal e RPT convocouse a Mesa Xeral de Negociación para tratar este asunto en reunión celebrada o 10/05/2023.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que a modificación das relacións de postos de traballo de persoal funcionario que se propoñen fundaméntase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, nas necesidades dos Servizos e na mellora da súa estrutura de organización e funcionamento. Concretamente, a creación do posto de habilitación de carácter nacional lévase a cabo ó amparo do artigo 36 da LRBRL, artigos 113 a 116 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ou artigo 30 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TRRL, que atribúen as Deputacións entre as súas competencias garantir con plenitude a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Considerando que neste sentido, o artigo 9 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto das/dos funcionarias/os con habilitación de carácter nacional, sinala que “cos requisitos establecidos no artigo 7, as funcións públicas reservadas en entidades locais exentas ou naquelas outras en que tales funcións non poidan circunstancialmente atenderse, serán exercidas na forma prevista na normativa estatal ou autonómica de réxime local polas/os funcionarias/os con habilitación de carácter nacional adscritos aos devanditos servizos.



As deputacións provinciais incluírán nas súas relacións de postos de traballo os reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional necesarios para garantir o cumprimento de tales funcións.

A consellería competente en materia de réxime local efectuará a clasificación dos citados postos a proposta das deputacións provinciais. A súa provisión axustarase ao establecido no citado decreto.”

Considerando que na mesma liña, o artigo 16 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, destaca respecto das funcións dos servizos de asistencia que **“Las funciones reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en Entidades Locales eximidas, serán ejercidas por las Diputaciones Provinciales, Cabildos, Consejos insulares o entes supramunicipales, o, en su caso, mediante acumulación de funciones o agrupación para sostenimiento en común del puesto reservado. Las Diputaciones Provinciales, Cabildos, Consejos insulares o entes supramunicipales incluirán, en sus relaciones de puestos de trabajo, los reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional necesarios para garantizar el cumplimiento de tales funciones. En todo caso garantizará en los municipios de menos de 1.000 habitantes la prestación de los servicios de secretaría e intervención y tesorería y recaudación”**.

Considerando que así mesmo, o artigo 47 do citado Decreto 49/2009, (en relación co artigo 55 do RD 128/2018), permite que nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria de funcionaria/o con habilitación de carácter estatal, a pedimento da corporación interesada, a Administración ou corporación local que atenda os servizos de asistencia, podrá comisionar a unha/un funcionaria/o con habilitación de carácter nacional para a realización de labores especiais de carácter circunstancial polo tempo imprescindible.

Considerando que a creación da outra praza do grupo C1 responde a necesidades estruturais e de carácter permanente na área de Tesourería, sendo unha reiteración de propostas anteriores.

Considerando que conforme ó previsto no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel, contidos no artigos 168 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba



o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o que require aprobación inicial, exposición ao público a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva; e tendo en conta que o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego Público de Galicia, fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días.

Considerando canto antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro: Modificar o cadro de persoal funcionario e relacións de postos de traballo para proceder á creación das seguintes prazas e postos de traballo:

- Unha praza de asistencia de Secretaría-Intervención, encadrada na escala de persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, Subgrupo A1, nivel de complemento de destino 29 e retribución anual de 33.859,23 €, con forma de provisión por concurso, adscrición ao Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Unha praza de administrativo, do subgrupo C1, encadrada na escala de Administración xeral, subescala administrativa, con posto de traballo de igual denominación, adscrito a área de Tesourería, nivel 20 de complemento de destino e específico de 8.276,10 €.

Segundo: Ordenar a exposición do acordo a información pública a efectos de reclamacións por un prazo de vinte días. Transcorrido este prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

7.8002.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE TRANSMISIÓN DA



TITULARIDADE DA FINCA DE LOURIZÁN
PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN A FAVOR DA XUNTA
DE GALICIA (EXPTES. 2023036432-2023020737-2023011587)

Sra. Presidenta.- No punto 7. Resolución de alegación e aprobación definitiva do expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán propiedade da Deputación a favor da Xunta de Galicia. Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Bo día a todos e todas. Moi breve, no pasado pleno, no mes de marzo, trouxemos a este pleno a aprobación inicial de este expediente de transmisión da titularidade da Finca Lourizán a favor da Xunta de Galicia con todas as construcións e edificacións ubicadas no seu contorno. Durante o período de 20 días de exposición ao público ao que foi sometido o expediente tan só se achegou unha alegación, presentada pola Asociación pola Defensa da Ría na que solicitaban modificar o protocolo asinado entre Xunta e Deputación para incluír medidas que puideran impedir unha posible privatización futura do inmovible. Esta alegación foi desestimada, un informe conxunto de Contratación, Secretaría, Intervención no que se acredita que: En primeiro lugar, non procede a modificación ou alteración do texto do protocolo ao non ter este carácter executivo; e en segundo lugar, que o acordo plenario de cesión adoptado en marzo que si ten efectos xurídicos determina con claridade que a titularidade pública do pazo queda garantida en todo momento xa que recolle expresamente a obriga da Xunta de Galicia de manter a afectación dos bens a fins do servizo público das súas competencias. Gracias.

Sra. Presidenta.- ... esto, decirlles que nós remitimos á Xunta de Galicia o informe xurídico e que polo tanto é un informe compartido, ¿non?, polas dúas administracións. Polo tanto, si non hai máis palabras someto a votación a resolución de alegacións e a aprobación definitiva de este expediente de transmisión ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

En data 6 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia asinaron o Protocolo xeral de intencións para a transmisión da titularidade da Finca de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia que tiña por obxecto, segundo a súa cláusula primeira, declarar a vontade das partes de colaborar a fin de promover os trámites necesarios para facer efectiva a cesión á Xunta de Galicia da titularidade da Finca Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra e impulsar e formalizar os



instrumentos xurídicos que resulten máis adecuados para levar a cabo ditas cesións.

Posteriormente, o Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023 acordou aprobar inicialmente o expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán, propiedade da Deputación, a favor da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 83.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dito acordo de aprobación inicial do expediente foi sometido a exposición pública por un prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 69 de data 11 de abril de 2023, para que todas as persoas interesadas puideran examinar o expediente e presentar alegacións ó mesmo.

En data 9 de maio de 2023, e dentro do citado prazo de exposición pública, tivo entrada na sede electrónica da Deputación un escrito de alegación presentado por D. Antón Masa Vázquez (NIF: 33197669K), actuando en representación da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (G-36145068), con número de rexistro WEB2023031157 no que entre outras consideracións, pon de manifesto a necesidade de que o Protocolo de transmisión da amentada titularidade estableza medidas suficientes para impedir a posíbel privatización directa ou indirecta das instalacións transferidas e que permaneza absolutamente garantido o carácter público dos espazos da Finca de Lourizán transmitidos á Xunta de Galicia. Ao mesmo tempo propón introducir ó longo do texto do Protocolo certas matizacións que deixen clara a imposibilidade dos usos privados coa introdución dunha serie de modificacións no texto do Protocolo.

Resultando que en data 11 de maio de 2023 emítase informe conxunto do técnico do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, o Secretario Xeral e a Viceinterventora da Deputación (CSV: 3C0CL5HP0AGPSB5F) que, entre outras consideracións, indica o seguinte:

“(…) Visto o manifestado pola APDR cabe sinalar o seguinte:

O documento ó que fai referencia esta alegación é o “Protocolo xeral de intencións entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a



transmisión da titularidade da Finca Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia (...).”

Tal e como establece o artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, este Protocolo non ten a consideración de convenio, non tendo por tanto carácter executivo, e asinouse exclusivamente como instrumento de declaración de intencións entre ambas Administracións para articular os trámites administrativos correspondentes para materializar a transmisión da Finca de Lourizán a favor da Xunta de Galicia. Deste xeito non procede a modificación de dito Protocolo pretendida pola APDR no seu escrito de alegacións.

O documento que si ten efectos xurídicos é o acordo adoptado polo Pleno da Deputación na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2023, relativo á aprobación inicial do expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán a favor da Xunta de Galicia.

Este acordo, no seu apartado resolutivo segundo, establece o seguinte:

“(...) SEGUNDO.- A presente transmisión da titularidade da Finca Lourizán queda condicionada á obriga por parte da Xunta de Galicia de manter a afectación dos inmobles ós actuais fins de servizo público ou ben a outros fins de uso xeral ou servizo público das súas respectivas competencias, sen prexuízo da realización doutras actividades complementarias, coma as turísticas, divulgativas e recreativas entre outras, así como preservar a integridade física da finca. O incumprimento destas condicións motivará a resolución da cesión e a reversión automática a favor da Deputación de Pontevedra dos bens transmitidos.”

Con este acordo plenario queda establecida a obriga da Xunta de Galicia de manter a afectación dos bens a fins de servizo público das súas competencias. Polo tanto queda garantido o carácter público dos bens transferidos.”

Considerando o establecido nos artigos 33.2.ñ) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno acorda por unanimidade:



- 1.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (G-36145068), con número de rexistro WEB2023031157 de data 9 de maio de 2023.
- 2.- Aprobar definitivamente o expediente de transmisión da titularidade da Finca de Lourizán a favor da Xunta de Galicia, configurándose esta aprobación como requisito da súa validez e eficacia.

8.8003.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DAS NEVES DE DIVERSOS TREITOS ANTIGOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS EP-4201 SETADOS-RIBARTEME-VIDE E EP-4202 TORTOREOS-RUBIÓS-CARRASQUEIRA (EXPTE. 2021018552)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello das Neves de diversos treitos antigos das estradas provinciais Setados-Ribarteme-Vide e Tortoreos-Rubiós-Carrasqueira. Non hai intervencións, someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes:

O Concello de As Neves e a Deputación de Pontevedra asinaron o 26 de xullo de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na intersección da EP-4006 Pontearas - As Neves do PQ 11+960 ao 12+080”.

Conforme á súa cláusula quinta o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello dos seguintes treitos das estradas provinciais EP-4202 Tortoreos – Rubiós – Carrasqueira e EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide:

- Treito antigo de 831 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 2+900 marxe esquerda da estrada provincial EP-4202.
- Treito antigo de 111 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+120 marxe dereita da estrada provincial EP-4201.
- Treito antigo de 70 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+460 marxe esquerda da estrada provincial EP-4201.



- Treito antigo de 76 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+537 marxe dereita da estrada provincial EP-4201.
- Treito antigo de 118 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+614 marxe esquerda da estrada provincial EP-4201.
- Treito antigo de 61 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+750 marxe dereita da estrada provincial EP-4201.

O 20 de decembro de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente aos cambios de titularidade propostos a prol do Concello de As Neves.

Consideracións.-

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Motivación.

O 20 de decembro de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, informou favorablemente aos cambios de titularidade propostos a favor do Concello e estimou o valor patrimonial das vías obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en 941.632,00 €.

No informe emitido motívase o cambio de titularidade dando cumprimento ao establecido nos artigos 9.5, in fine da LEG e derradeiro parágrafo do artigo 18.2 do RXEG. Así, sinalase que:

“Estes treitos antigos, logo da mellora do trazado das estradas, xa non forman parte dos itinerarios principais das mesmas, e, en consecuencia, non teñen as características propias das estradas provinciais, senón de elementos funcionais das mesmas, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.



O treito antigo da EP-4202 Tortoreos – Rubiós – Carrasqueira de 831 metros de lonxitude, situado no lugar de A Lomba (Parroquia de Rubiós), ten o seu inicio aproximadamente no p.q. 2+900 e o seu fin no p.q. 3+460 (marxe esquerda), por un entorno que conta con numerosas edificacións do núcleo de A Lomba, tendo este treito a funcionalidade principal de dar acceso ás vivendas, edificacións e predios lindeiros.

Os cinco treitos antigos da EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide son camiños sen circulación viaria logo das obras de mellora do trazado da estrada principal, estando na actualidade fóra de uso, estes treitos sitúanse nun entorno arbolado de carácter forestal sen edificacións, tendo como única funcionalidade e uso o acceso a este predios naturais.

Polo tanto, estes seis treitos antigos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

As propostas de cambio de titularidade destes treitos antigos manteñen, á vez, o servizo público viario existente e as continuidades dos itinerarios dos que forman parte, logo que a circulación mantense polos itinerarios principais das estradas provinciais EP-4202 e EP-4201, dando así cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello das Neves poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de carácter e funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre o mesmo para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Trátase da modificación na titularidade de varios treitos antigos dos referidos viais provinciais, mantendo a cualificación de dominio público.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9. 6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.



A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De selo o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de As Neves dos seguintes treitos antigos das estradas provinciais EP-4202 Tortoreos – Rubiós – Carrasqueira e EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide:

- Treito antigo de 831 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 2+900 marxe esquerda da estrada provincial EP-4202 Tortoreos – Rubiós – Carrasqueira.



- Treito antigo de 111 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+120 marxe dereita da estrada provincial EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide.
- Treito antigo de 70 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+460 marxe esquerda da estrada provincial EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide.
- Treito antigo de 76 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+537 marxe dereita da estrada provincial EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide.
- Treito antigo de 118 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+614 marxe esquerda da estrada provincial EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide.
- Treito antigo de 61 metros de lonxitude situado con inicio no p.q. 0+750 marxe dereita da estrada provincial EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide.

Ditos viarios incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de As Neves tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Terceiro. Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.

9.8004.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES DO TREITO FINAL DA EP-6306 AGOLADA-CRUCES, DO TREITO INICIAL DA EP-6403 CRUCES-BROCOS E DUN TREITO ANTIGO DA EP-6402 PORTODEMOUROS-PONTE DE SAN XUSTO (EXPT. 2021018632)**

Sra. Presidenta.- No punto 9. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Vila de Cruces do treito final da estrada provincial Agolada-Cruces do treito inicial da estrada provincial Cruces-Brocós e dun treito antigo da estrada provincial Portodemouros-Ponte de San Xusto. Non hai intervencións, someto a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.



Antecedentes:

O Concello de Vila de Cruces e a Deputación de Pontevedra asinaron o 16 de novembro de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-6306 Agolada–Cruces, do p.q. 16+450 ao p.q. 16+750”.

Conforme á súa cláusula quinta o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos das estradas provinciais:

- Treito final de 345 metros de lonxitude da estrada provincial EP-6306 Agolada–Cruces, dende o PQ 16+688 ata o PQ 17+033.
- Treito inicial de 73 metros de lonxitude da estrada provincial EP-6403 Cruces–Brocos, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+073.
- Treito antigo da antiga ponte de San Xusto, con inicio no PQ 1+670 da EP-6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto, de 298 metros de lonxitude.

O 20 de decembro de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente aos cambios de titularidade propostos a prol do Concello de Vila de Cruces.

Consideracións.-

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Motivación.



O 20 de decembro de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, informou favorablemente aos cambios de titularidade propostos a favor do concello e estimou o valor patrimonial das vías obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en 1.090.333,00 €.

No informe emitido motívase o cambio de titularidade dando cumprimento ao establecido nos artigos 9.5, in fine da LEG e derradeiro parágrafo do artigo 18.2 do RXEG. Así, sinálase que:

“O treito final da EP-6306 Agolada – Cruces, dende o PQ 16+688 ata o PQ 17+033, ten 345 metros de lonxitude e forma parte xunto coa estrada autonómica PO-206 do acceso oeste ao núcleo urbano de Vila de Cruces, este treito estremeiro, que vai dende o interior do núcleo ata a intersección coa estrada autonómica PO-905 ten maioritariamente configuración e tipoloxía urbana de carácter municipal con beirarrúas, alumeadado público, servizos urbanos básicos e nas marxes conta con edificacións en altura de vivenda colectiva.

O treito inicial da EP-6403 Cruces – Brocos, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+073, de 73 metros de lonxitude, fai de acceso norte ao núcleo urbano de Vila de Cruces e discorre dende este ata a intersección coa estrada autonómica PO-905 tendo funcionalidade urbana para o acceso ao principal núcleo poboacional do termo municipal.

O treito antigo da antiga Ponte de San Xusto, logo da demolición da antiga ponte, é un treito sen saída nin conexión viaria logo da construción da nova ponte que supuxo a mellora do trazado da estrada e xa non forma parte do itinerario principal da EP-6402 Portodemouros - Ponte de San Xusto, e, en consecuencia, non ten as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional da mesma, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Polo tanto, estes tres treitos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do territorio propio do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Trátase da modificación na titularidade de varios treitos finais e dun treito antigo das referidas estradas provinciais, mantendo a cualificación de dominio público.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos



incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De selo o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:



Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Vila de Cruces dos seguintes treitos das estradas provinciais:

- Treito final de 345 metros de lonxitude da estrada provincial EP-6306 Agolada – Cruces, dende o PQ 16+688 ata o PQ 17+033.
- Treito inicial de 73 metros de lonxitude da estrada provincial EP-6403 Cruces – Brocos, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+073.
- Treito antigo da antiga ponte de San Xusto, con inicio no PQ 1+670 da EP-6402 Portodemouros - Ponte de San Xusto, de 298 metros de lonxitude.

Ditos viarios incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Vila de Cruces tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia.

Terceiro. Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.

10.8005.- **APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN E URXENTE OCUPACIÓN, DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA, PROXECTO DAS OBRAS DE “ENSANCHE E MELLORA DA EP-0405, DO PQ 0+000 AO PQ 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)” (EXPTE. 2023009178)**

Sra. Presidenta.- No punto 10. Aprobación definitiva do expediente de expropiación e urxente ocupación, declaración de utilidade pública, e proxecto das obras de ensanche e mellora da estrada provincial de Almofrei, Concello de Cerdedo-Cotobade. Non hai intervencións, someto a aprobación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes:

1. Convenio.



A Xunta de Goberno aprobou en sesión de 10 de febreiro de 2023 un Convenio de colaboración co Concello de Cerdedo – Cotobade para a execución das obras de ensanche e mellora da EP-0405 p.q. 0+000 ao p.q. 1+500, o cal foi formalizado o 13-02-2023.

No dito convenio estipúlase que corresponde á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación. O concello financia a totalidade dos prezos xustos dos bens e dereitos afectados con cargo a fondos propios.

2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio.

O Pleno da Deputación na sesión de 24 de febreiro de 2023 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Ensanche e mellora da EP-0405 (p.q. 0+000 ao p.q. 1+500) (Concello de Cerdedo–Cotobade)”.
- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.
- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.
- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Cerdedo - Cotobade (dende o 13 de marzo ata o 11 de abril de 2023), BOPPO (10 de marzo de 2023), BOE (10 de marzo de 2023), sede electrónica da Deputación (do 10 de marzo ao 15 de abril de 2023) e no xornal La Voz de Galicia o 16 de marzo de 2023.

Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 12 de abril de 2023.

Notificáronse individualmente ás persoas titulares dos bens e dereitos obxecto de expropiación segundo consta nas certificacións catastrais co seguinte resultado:



- a) Notificáronse ás persoas titulares catastrais das seguintes parcelas afectadas:
- Parcela núm.: 10 o día 9 de marzo de 2023.
 - Parcela núm.: 26 o día 13 de marzo de 2023.
- b) Intentada a notificación ás persoas titulares catastrais da parcela 5, non foron localizadas polo que é de aplicación o artigo 5.1 da LEF “entenderanse as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non comparecesen no expediente os propietarios ou titulares”.

4. Alegacións presentadas.

Presentáronse as seguintes alegacións durante o prazo establecido:

Data	Nº rexistro Deputación	Interesada	Petición
28/03/2023	2023006364	M ^a Luisa Teresa Iglesias Areses	Corrección de superficie afectada da súa titularidade e modificación do trazado.

Consideracións legais e técnicas.

1^a.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954, sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSRU), e o RD



1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.

- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

2ª.- Alegacións.

María Luisa Teresa Iglesias Areses manifesta actuar no seu propio nome e dereito e en representación e en interese da Comunidade de Herdeiros de José Manuel Gesteira Peleteiro. Alega:

- Que hai un erro no plano parcelario de expropiación derivado dun erro no Catastro sendo que a súa propiedade, e a superficie expropiada, comprenden a parcela 36012A063007280001XT e tamén parte da 36012A063007270000ZK.
- Que se debe modificar o proxecto porque a ampliación do vial afecta nese punto totalmente a súa propiedade sen afección ningunha a parcela, sen elementos urbanos, situada na outra marxe da estrada provocando inseguridade viaria ao lindar a aresta exterior da explanación coas entradas dunha vivenda preexistente. Engade que non se valorou que esta circunstancia provoca que a edificación ao pé da estrada quede fóra de ordenación e se incrementa a afección da servidume viaria.

Solicita que se describan correctamente os bens obxecto de expropiación, se notifique de novo ás persoas interesadas incluíndo as afeccións das edificacións e que se modifique o proxecto distribuindo as afeccións entre as dúas marxes do viario afectado pola ampliación e reducindo, en consecuencia, o problema de grave seguridade vial que se ocasiona pola retirada da protección da vivenda.

Fronte ao alegado, e polo que respecta á titularidade da parcela 36012A063007270000ZK, consta no expediente a posta a disposición por parte do concello recolléndose na correspondente certificación municipal e no Catastro como de titularidade doutra persoa. Por este motivo requiriuse aclaración ao concello, o cal presentou o 25/04/2023 un informe da Alcaldía no que sinala que “unha vez requirida documentación sobre a titularidade da parcela a D. Atilano Couto Piñón, nos manifesta que a citada parcela non é da súa titularidade aínda que figura catastralmente ó seu nome”.



Requirida á alegante para que acreditase a propiedade, presentou en data 20 de abril de 2023 unha escritura de doazón outorgada o 11 de setembro de 1962, de acordo coa cal a persoa donataria é José Manuel Gesteira Peleteiro.

O artigo 3.2 da LEF establece: “Salvo prueba en contrario, la Administración expropiante considerará propietario o titular a quien con este carácter conste en registros públicos que produzcan presunción de titularidad, que sólo puede ser destruida judicialmente, o, en su defecto, a quien aparezca con tal carácter en registros fiscales, o, finalmente, al que lo sea pública y notoriamente.”

O artigo 4 da mesma lei recolle que sempre que o soliciten, acreditando a súa condición debidamente, se entenderán tamén as dilixencias cos titulares de dereitos reais e intereses económicos directos sobre a cousa expropiable.

Tratándose de expropiación tramitada polo procedemento de urxencia, a acta previa de ocupación é o documento que configura obxectivamente o procedemento expropiatorio. Así o artigo 52.3 da LEF, establece que: “En el día y hora anunciados se constituirán en la finca que se trate de ocupar, el representante de la Administración, acompañado de un perito y del Alcalde o Concejal en que delegue, y reunidos con los propietarios y demás interesados que concurren, levantarán un acta, en la que describirán el bien o derecho expropiable y se harán constar todas las manifestaciones y datos que aporten unos y otros y que sean útiles para determinar los derechos afectados, sus titulares, el valor de aquéllos y los perjuicios determinantes de la rápida ocupación”.../.

Polo tanto, logo do informe da Alcaldía e non constando a transmisión da propiedade á alegante nin á Comunidade de Herdeiros que di representar, debe continuarse o procedemento expropiatorio modificando a relación de persoas afectadas reflectindo como de titularidade descoñecida a parcela 36012A063007280001XT, consignándose, de non acreditarse a propiedade, na Caixa de Depósitos o importe que corresponda en concepto de prezo xusto.

Polo que respecta á petición de modificación do proxecto, os servizos técnicos, en data 10 de maio de 2023, emitiron o seguinte informe:

“Con data de 28 de marzo dáse entrada polo rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro WEB2023006384) un escrito de alegacións ás ocupacións do proxecto “Ensanche e mellora da EP-0405 (PQ 0+000 ó PQ 1+500) presentado por D^a Luisa Teresa Iglesias Areses”.



Nesta alegación solicítase a modificación do trazado do proxecto, alegando unha grave situación de inseguridade e a falta de afección na outra marxe da estrada, así como un aumento do nivel de afección da servidume viaria sobre a edificación existente na parcela da súa propiedade, indicando a maiores que a resolución notificada infrinxe o disposto no Art. 17 da Lei de Expropiación Forzosa.

INFÓRMASE

Que en canto á modificación do trazado, existe un camiño asfaltado fronte á vivenda da alegante que dá acceso á parte máis elevada do núcleo de poboación que conta cunha pendente lonxitudinal moi importante. No caso de modificar o trazado desprazándoo cara a marxe esquerda, a pendente do devandito camiño incrementaríase de forma desproporcionada, quedando inutilizable para o uso actual. Polo tanto, estímase que non é tecnicamente viable modificar o trazado xa que non sería posible o mantemento dos accesos á estrada nunhas condicións similares ás actuais.

Con respecto a provocar unha situación grave de inseguridade viaria sobre a propiedade da alegante ó facer colindar a aresta exterior da explanada coas entradas dunha vivenda preexistente, indicar que o proxecto contempla unha mellora da seguridade viaria na totalidade da estrada EP-0405 Xesteira-Almofrei, mellorando o trazado existente na actualidade, renovando os pavimentos e outorgándolle os bombeos e peraltes propios para un mellor trazado dos vehículos, así como mellorando o sistema de evacuación das augas pluviais da explanación da estrada, contemplando a maiores unha limitación de 30 km/h na totalidade da estrada provincial, a excepción das zonas de convivencia onde a velocidade máxima permitida será de 20 km/h, colocando redutores físicos de velocidade dos vehículos e zonas de convivencia sobreelevadas ao longo da totalidade do trazado co fin de acougar as velocidades dos usuarios da vía, obrigando desta forma aos vehículos a cumprir coa velocidade máxima permitida unha vez executado o proxecto, e contemplando anchos de carrís de circulación de 2,75 metros, obtendo desta forma unha redución da velocidade ó ter os vehículos un ancho de carril reducido e, por outro lado, conseguir liberar espazo na explanada da totalidade da nova estrada para executar unha beiravía de mínimo 50 cm. por ambas marxes, beiravía que a día de hoxe non existe na estrada por falta de espazo, separando desta forma o trazado dos vehículos das vivendas colindantes, mellorando así a seguridade tanto peonil como viaria e



facilitando a saída das persoas das súas propiedades privadas tanto a pé coma en vehículo motorizado.

En canto ao aumento do nivel de afección da parcela e edificacións existentes, no Art. 21 da Lei de 8/2013 de Estradas de Galicia, indícase que “As alegacións presentadas neste procedemento deberán versar sobre a concepción global do trazado das distintas alternativas analizadas”. Non obstante, compróbase que actualmente existen afeccións de servidume e afección sobre a parcela.

Sen embargo, sobre o anterior, no Art. 42 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia indícase que “O establecemento e delimitación das zonas de protección e da liña límite de edificación, tanto das estradas existentes como das novas que se constrúan, así como as limitacións sinaladas na presente lei e o réxime de usos autorizables que se regula nela, non alteran a situación de propiedade preexistente dos terreos aos que afecta nin a titularidade dos dereitos de terceiros sobre eles. Tampouco xera dereito a indemnización algunha para as persoas titulares dos dereitos sobre os terreos afectados”.

3ª.- Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 12/08/2021. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 14/02/2023.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes ás parcelas cuxos titulares non recolleron as notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Ensanche e Mellora da EP-0405 (p.q. 0+000 ó p.q. 1+500) Concello de Cerdedo-Cotobade”



cun orzamento de 946.599,01€ e 2.679,58€ de expropiacións financiando o Concello o importe total dos prezos xustos.

Segundo.- Modificar a relación de afectados incluído a parcela 36012A063007270000ZK como ben afectado parcialmente pola expropiación e de titularidade descoñecida. Non en tanto, de acreditarse a propiedade continuaranse as dilixencias coas persoas propietarias.

Terceiro. Desestimar a solicitude de modificación do trazado do proxecto.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

Núm.	Ref. Catastral	Sup. necesaria (m ²)
P05	36012A063015780000ZJ	17,02
P10	36012A063007280001XT	21,08
P11	36012A063007270000ZK	12,54
P26	36012A063003390000ZF	47,55

b) Parte de información e control:

11.8006.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL 2023 (EXPTES. 2023035470-2023033199)**

Sra. Presidenta.- Pasamos a parte de información e control. No punto 11. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril. Non hai intervencións. Queda enterado o Pleno.



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de abril de 2023, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 8 de maio de 2023, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de abril de 2023 que se expón a continuación:



PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES ABRIL 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Abril	8,9056786675	4.278.469,03	4,1340030787	1.198.462,39	7,8615403915
Escola de Enfermería	Abril	14,0638138276	2.719,63	0,0000000000	0,00	14,0638138276
Consortio de Incendios e Salvamento	Abril	13,3212252990	16.418,85	8,5436782050	13.285,23	11,1844544588
Consortio Deza e Tabeirós	Abril	14,4148280000	7.858,63	14,1077261000	4.057,42	14,3102596748
TOTAL			4.305.466,14		1.215.805,04	7,8963902023

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión extraordinaria do día 15 de maio de 2023 tomou coñecemento do contido do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



12.8007.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Sra. Presidenta.- E no punto 12 e último da orde do día. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Tampouco hai intervencións. Queda enterado o Pleno. Levanto a sesión.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 25 de abril e 14 de maio de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL comprendidas entre os días 25 de abril e o 14 de maio de 2023.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e trinta e un minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

